

733 Clara



A agricultura do futuro nas túas mans

Lely Horizon

O seguinte elo no futuro da súa explotación é a predición. Dea un paso adiante na xestión da súa explotación con Lely Horizon e sáquelles o máximo partido aos seus datos. Aproveite a información aplicando algoritmos intelixentes para predicir rendementos e obter opcións precisas de optimización da súa explotación. Consiga unha indicación clara e nunha fase precoz das vacas sospeitosas de padecer cetose e reciba consellos de tratamentos. Horizon está dispoñible en dous paquetes: Control e Advance. Comprobe cal se adapta mellor ás súas necesidades.

O seu Lely Center local daralle máis información sobre este fito no muxido.



Coñece máis
sobre SAT Bezenartea
(Baztán, Navarra)

3 Lely Astronaut A5



SAT Bezenartea confía en Lely para gañar en calidade de vida

Na procura dunha maior liberdade horaria, hai oito meses que en SAT Bezenartea (Baztán, Navarra) automatizaron o muxido, con tres Lely Astronaut A5, e melloraron as instalacións para ofrecerlles máis benestar aos animais.

TESTEMUÑOS

Mikel Maisterrena, Unai Etxaiz e Guiomar Aguilar

Visitar varias granxas por Galicia que dispoñen do sistema de muxido robótico con Lely levou ao gandeiro Mikel Maisterrena a instalalos na súa explotación SAT Bezenartea (Baztán, Navarra). Aínda que nos últimos anos xa facían tres muxidos en sala, isto implicaba problemas nos horarios, “xa que nos rompía o día en mil anacos e era imposible organizar algo, ademais tiñamos moita presión familiar”, puntualiza. Por ese motivo, hai oito meses que decidiron incorporar tres Lely Astronaut A5.

Nesta granxa manexan un total de 330 animais, dos cales 160 están en produción, 140 son recría e os demais son vacas secas. A media de produción diaria sitúase entre os 46 e o 47 kg/vaca, cunhas calidades dun 3,80 % de graxa e un 3,10 % de proteína. A alimentación das vacas en lactación componse de 1 kg de palla, 2,5 kg de alfalfa, 8 kg de

milho doce, 8 kg de polpa de remolacha, 3,5 kg de soia, 3 kg de penso e 24 kg de silo de millo forraxeiro.

Guiomar Aguilar, Farm Management Support (FMS) de Lely, apunta que na actualidade alcanzan unha media de 3,2 muxidos, o que implica que “hai vacas que chegan a muxirse 4 ou 5 veces ao día, mentres que na sala sempre eran 3”. Doutra banda, o delegado de vendas de Lely en País Vasco, Navarra e Cataluña, Unai Etxaiz, subliña que “esta é unha das nosas mellores explotacións, xa sexa pola xenética, o manexo ou o *cow comfort* que o gandeiro adoptou para os seus animais”.

MELLORAS NAS INSTALACIÓNS E RUTINAS MÁIS CURTAS

Antes de incorporar os robots, en SAT Bezenartea xa fixeran cambios nas instalacións para mellorar o benestar animal: “Eu son un maniático da produción e para iso o primeiro que se necesita é lograr un bo *cow comfort*”, comenta

Mikel Maisterrena. Para alcanzalo, realizou unha reforma na granxa: mellorou a luminosidade, aumentou o número de cubículos e ampliou os corredores. “É importante que haxa espazo para que a circulación das vacas dentro da nave sexa moi fluída, así conseguimos que a asistencia ao robot sexa maior”, recalca.

Desde que automatizaron o muxido, as rutinas de traballo tamén cambiaron: “Pola mañá adoita vir un traballador para arrimar os atrasos e outro empeza a dar leite aos xatos. Eu chego ás 6 da mañá para preparar a mestura para as vacas e logo recompoñemos os cubículos, botamos desinfectantes, aplicamos tratamentos...”, expón o gandeiro e confesa: “Trabállase menos que antes”.

Pola súa banda, Unai Etxaiz detalla que “o *leitmotiv* da empresa é facer tres muxidos, isto é indiscutible, e hai que aumentar a produción, pero sen deixar de buscar tanto o *cow comfort* como o benestar para o gandeiro. Non se trata de aumentar á conta de todo, por iso pretendemos que os clientes



A media de produción
está entre os 46 e os
47 kg/vaca/día

poidan compatibilizar a vida laboral coa familiar". Engade que isto se consegue contando cunha máquina que achegue unha gran capacidade de muxido, como o Lely Astronaut A5, e que sexa moi fiable, para que ofrezca liberdade, "xa sexa para atender outros factores da granxa ou á familia".

MÁXIMA CONFIANZA NA MÁQUINA DE LELY

Este gandeiro apostou polos robots de Lely porque "en todas as granxas que visitamos que tiñan as súas máquinas alcanzaban unhas producións maiores que no resto e o servizo técnico que nos ofrecían na zona de Navarra era moi fiable". Engade que o máis importante para eles é que "cando as vacas vaian muxirse estean o máis cómodas posible e con este sistema conséguese ese obxectivo".

Pola súa banda, Guiomar Aguilar apunta que "temos unha máquina fiable que funciona igual en todas as partes do mundo e desde o noso departamento de FMS acompañamos o gandeiro desde o minuto cero para que perda os medos, xa que os animais se afán antes aos robots que o persoal".

PROXIMAMENTE, A CUARTA UNIDADE

Aínda que é pronto para seguir crecendo, Maisterrena xa sopesa instalar o cuarto robot para baixar o número de vacas por unidade e lograr así que "haxa menos competencia entre elas, sobre todo nas primíparas, e que accedan ao robot con maior facilidade". Ademais, segundo nos conta, esta granxa ten unha alta produción, polo que o tempo de muxido é maior: "Coa cuarta cabina, os animais non esperarán tanto, polo que o número de muxidos por vaca e día irá aumentando". Así mesmo, ao dispoñer doutra máquina, os animais estarán menos tempo de pé e haberá menos coxeiras e problemas de patas.

De feito, o delegado de vendas da zona considera que "teñen animais con gran potencial xenético e que producen moito leite, polo que incorporar outro robot é a mellor maneira para extraerlles aínda máis leite e melloralles o benestar animal que xa teñen".

MÁIS DE 600 ROBOTS POR TODO O NORTE

Desde Fisterra (Galicia) ata o cabo de Creus (Cataluña), Lely conta con máis de 600 máquinas incorporadas en diferentes explotacións. Unai Etxaiz indica que traballan con granxas que



Pronto instalarán un cuarto
robot co que aumentarán o
número de muxidos



Realizaron melloras nas
instalacións para un maior
benestar animal

levan máis de vinte anos robotizadas e que algunhas dispoñen de 8 ou 9 robots. En concreto, entre Navarra e País Vasco suman 130 robots de muxido e resalta que "cando Lely quixo empezar a traballar na península ibérica, elixiu Navarra como zona de introdución das súas máquinas pola proximidade con Francia e porque xa había gandeiros que estaban interesados en automatizar o muxido".

Para esta empresa, o equipo humano é moi importante, pero ante todo destaca a calidade das súas máquinas: "Dannos seguridade para obter os resultados que lles prometemos aos nosos clientes. Hai un concepto moi manido que é o *peace of mind* (ter a conciencia tranquila), que nós logramos grazas ás nosas máquinas e desta maneira sabemos que aos nosos gandeiros sempre lles vai ir perfecto", conclúe. ■



O seu Lely Center local daralle máis información sobre este fito no muxido.

Lely Center Los Corrales +34 606 022 405
Lely Center Outeiro +34 671 646 745
Lely Center Aizoain +34 676 182 349
Lely Center Trazo +34 685 117 350
Lely Center Ávila +34 665 772 747
Lely Center Vila Nova +351 227 538 339

